

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Lingua, sociedade e cognición				
Materia	Lingua, sociedade e cognición			
Código	ODIEV01DIEH12003			
Titulación	Oferta de Materias Específicas de Departamentos para Alumnos ISEP, Erasmus e Visitantes			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	1	1c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Cabeza Pereiro, María del Carmen			
Profesorado	Cabeza Pereiro, María del Carmen			
Correo-e	cabeza@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Proponse o estudo da linguaxe na sociedade, dándolle relevancia aos conceptos de cultura e diversidade. Tamén se atenderá á relación entre a linguaxe e a cognición.			

Competencias	
Código	
A3	Que o estudantado teña a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
B9	Posuír as habelencias de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando de xeito autónomo baseándose nos coñecementos adquiridos e no uso das novas tecnoloxías.
C5	Coñecemento dos conceptos e métodos da análise lingüística.
D1	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica
D6	Capacidade de xestionar a información.
D7	Apreciación da diversidade e a multiculturalidade.
D8	Habilidade para traballar de forma autónoma.

Resultados de aprendizaxe				
Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Que o estudantado sexa capaz de interpretar datos relacionados coa diversidade lingüistica e adquira unha valoración responsable da mesma.	A3		C5	D1 D6 D7 D8
Que o alumnado comprenda os fundamentos da cognición en relación coa linguaxe e sexa capaz de recoñecer os esquemas e procesos relevantes tanto na conceptualización como no desenvolvemento lingüísticos.		B9	C5	D6
Que as e os estudantes desenvolvan habilidades de elaboración dun traballo de lingüística descritiva ou de procura de documentación sobre linguas que lles permita consolidar a súa autonomía.	A3	B9	C5	D1 D6 D8

Contidos	
Tema	
1 A linguaxe e as linguas	1.1 Características da linguaxe humana. A comunicación animal 1.2 Unidade e diversidade. Os universais lingüísticos 1.3 Linguas □mellores□ e linguas □peores□. Os prexuízos lingüísticos. Linguas máis ou menos complexas

2 Lingua e cultura	2.1 Que é cultura 2.2 A Antropoloxía lingüística 2.3 A relatividade lingüística 2.4 Acontecementos comunicativos e competencia comunicativa. O contexto 2.5 Culturas orais e culturas letradas. Introdución aos sistemas de escritura. Función social e simbólica da escritura.
3 A diversidade lingüística	3.1 Diferenzas e semellanzas entre as linguas 3.2 Ecolingüística 3.3 Clasificacións de linguas 3.4 Universais e Tipoloxía lingüística
4 Linguaxe e conceptualización	4.1 Categorización e prototipos 4.2 Conceptualización. Dominios conceptuais. Léxico e gramática 4.3 Metáfora e metonimia conceptuais
5 Linguaxe en movemento: os xestos	5.1 A xestualidade na comunicación. Comunicación non verbal. Tipos de xestos. Os xestos na evolución da linguaxe 5.2 As modalidades da comunicación. Modalidade oral-auditiva e modalidade viso-xestual. Linguas de signos
6 Cognición e desenvolvemento lingüístico	6.1 Xeneralidades sobre a fala infantil 6.2 Etapas no desenvolvemento 6.3 A adquisición das habilidades lingüísticas

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Resolución de problemas	14	48	62
Lección maxistral	24	0	24
Estudo previo	6	54	60
Actividades introdutorias	3	0	3
Exame de preguntas obxectivas	1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Resolución de problemas	A profesora formulará problemas prácticos relacionados coas explicacións desenvolvidas nas leccións maxistrais e o alumnado deberá buscar as solucións correctas. Unha parte desta metodoloxía realizarase en clase e outra parte de forma autónoma.
Lección maxistral	Explicacións, basicamente teóricas, sobre a estrutura e contido dos temas. Levan apoio visual para facilitar o seu seguimento.
Estudo previo	Tarefa individual de descrición e comentario dun texto da lingua materna, ou ben de procura e análise de fontes documentais. Será programado e supervisado pola profesora.
Actividades introdutorias	Explicacións sobre o desenvolvemento da materia, como se avalía, como se contacta coa profesora, etc. Debido á diversidade do alumnado meta, prevese que estas actividades se prolonguen ou repitan tendo en conta as necesidades específicas.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Estudo previo	A profesora proporcionará as indicacións necesarias, nas sesións presenciais e a través da plataforma de teledocencia. Para as dúbidas particulares, utilizaranse as titorías convencionais ou o correo electrónico.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Resolución de problemas	A profesora formulará problemas prácticos relacionados coas explicacións desenvolvidas nas leccións maxistrais e o alumnado deberá buscar as solucións correctas. Unha parte desta metodoloxía realizarase en clase e outra parte de forma autónoma.	25	A3		C5	D1 D7
Estudo previo	Tarefa individual de descrición e comentario dun texto da lingua materna, ou ben de procura e análise de fontes documentais. Será programado e supervisado pola profesora.	50	A3	B9	C5	D1 D6 D7 D8
Exame de preguntas obxectivas	Proba de preguntas curtas na que se buscará que o alumnado demostre que comprendeu os conceptos básicos. Buscaranse na medida do posible exemplos prácticos máis que definicións teóricas.	25	A3		C5	D1 D7

Outros comentarios sobre a Avaliación

Haberá unha segunda oportunidade, nos meses de xuño e xullo, para o alumnado que non consiga superar a materia. Nela, as porcentaxes da avaliación serán as mesmas, de tal xeito que se haberá de entregar quince días antes do exame a proba ou probas de avaliación que non se superaron (resolución de problemas e/ou estudo previo) ou, no seu caso, haberá de facerse o exame.

Se se detectase copia nunha proba de avaliación se anulará o exercicio, e a calificación da proba será 0.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Bernárdez, Enrique, **Qué son las lenguas**, Alianza Editorial, 1999

Junyent, Carme, **La diversidad lingüística. Didáctica y recorrido de las lenguas del mundo**, Octaedro, 1999

Lakoff, George & Mark Johnson, **Metaphors we live by.**, The University of Chicago Press, 1980

Eberhard, David M., Gary F. Simons, and Charles D. Fennig (eds.), **Ethnologue: Languages of the World**, 22nd edition, SIL International, 2019

Moseley, Christopher (ed.), **Atlas of the World□s Languages in Danger**, UNESCO Publishing, 2010

Bibliografía Complementaria

Altmann, Gerry T. M., **The Ascent of Babel**, Oxford University Press, 1997

Bavin, Edith Laura, ed, **The Cambridge Handbook of Child Language**, Cambridge University Press, 2009

Deutscher, Guy, **Through the Language Glass. How Words Colour Your World**, William Heinemann, 2010

Duranti, Alessandro, **Linguistic Anthropology**, Cambridge University Press, 1997

McNeill, David, **Hand and mind. What gestures reveal about thought**, The University of Chicago Press, 1992

Recomendacións

Outros comentarios

É responsabilidade do estudantado consultar os materiais dispoñibles na plataforma FAITIC (novidades, documentos, cualificacións) e estar ao tanto dos avisos e das datas de realización das diferentes probas.

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===
Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===
Mantéñense as metodoloxías docentes, as titorías e as probas de avaliación segundo están previstas na guía docente, coa única modificación que resulta de que se farían mediante as ferramentas proporcionadas pola Universidade de Vigo (aulas e despachos virtuais, correo electrónico, Faitic).

Na modalidade mixta, na que unha parte do estudantado permanecerá na clase, seguindo o resto do estudantado as clases dun modo preferentemente síncrono ou asíncrono dependendo da ferramenta que mellor se adapte a cada unha, as metodoloxías, a atención personalizada e a avaliación serán as mesmas que as da modalidade presencial, adaptando os grupos e quendas para cumprir coa normativa sanitaria.